



1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. A Lei Xeral de Sanidade establece no seu artigo terceiro que os medios e actuacións do sistema sanitario estarán orientados prioritariamente:

- A) Á promoción do benestar social.
- B) Á educación sanitaria e a rehabilitación.
- C) Á vixilancia e control dos posibles riscos para a saúde.
- D) Á promoción da saúde e á prevención das enfermidades.

2. Indique cal das seguintes NON é unha situación administrativa do persoal estatutario:

- A) Servizo activo.
- B) Servizos especiais.
- C) Excedencia voluntaria.
- D) Incapacidade permanente

3. Segundo o artigo 42 do Estatuto Marco, as retribucións básicas son:

- A) O soldo, os trienios e o complemento de destino.
- B) O soldo e os trienios e o complemento de carreira.
- C) O soldo, os trienios e as pagas extraordinarias.
- D) O soldo, os trienios e o complemento específico.

4. NON corresponde á Consellería de Sanidade o exercicio da seguinte competencia:

- A) Os acordos de creación de hospitais públicos en Galicia.
- B) A inspección sanitaria no seu ámbito competencial.
- C) A aprobación do anteproxecto de orzamento do Servizo Galego de Saúde.
- D) O nomeamento e cesamento do persoal directivo da Consellería de Sanidade.

5. A Comisión contra a Violencia de Xénero prevista na Lei 1/2004 está constituída no seo do:

- A) Congreso dos Deputados.
- B) Servicio de Saúde de cada Comunidade Autónoma.
- C) Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.
- D) Senado.

6. Enténdese por risco laboral:

- A) Calquera característica do traballo que poida afectar á seguridade e a saúde do traballador.
- B) Calquera actividade que en ausencia de medidas preventivas específicas, orixine danos na saúde dos traballadores.
- C) As enfermidades, patoloxías ou lesións sufridas con motivo ou ocasión do traballo.
- D) A posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo.

7. O Decreto 206/2005 de provisión de prazas de persoal estatutario establece que por necesidades do servizo, e cando unha praza ou posto de traballo se atope vacante ou temporalmente desatendido, poderá ser cuberto en comisión de servizos:

- A) Por persoal estatutario fixo ou temporal.
- B) Por persoal funcionario ou estatutario.
- C) Por persoal fixo da correspondente categoría e especialidade.
- D) Por persoal estatutario da mesma ou superior categoría.

8. En relación cos distritos sanitarios, a Lei de Saúde de Galicia establece que:

- A) Son divisións territoriais das zonas sanitarias.
- B) O Sistema Público de Saúde de Galicia configúrase en 12 distritos sanitarios.
- C) Cada distrito sanitario contará cun hospital no seu ámbito xeográfico.
- D) Son as unidades básicas de prestación de servizos sanitarios.

9. Cal dos seguintes NON se establece como un dereito das persoas na lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais:

- A) Supresión.
- B) Rectificación.
- C) Non portabilidade.
- D) Limitación do tratamento.

10. Segundo o Decreto 206/2005 de provisión de prazas de persoal estatutario, no concurso–oposición a puntuación máxima da fase de concurso:

- A) Non poderá exceder do 60% da puntuación máxima do proceso selectivo.
- B) Non poderá exceder do 40% da puntuación máxima do proceso selectivo.
- C) Non poderá exceder do 50% da puntuación máxima do proceso selectivo.
- D) A puntuación da fase de concurso poderá aplicarse para superar a fase de oposición.

Preguntas de reserva

1. É unha actuación que compete á Administración estatal segundo a Lei Xeral de Sanidade:

- A) O control sanitario de edificios e lugares de vivenda e convivencia humana.
- B) O nomeamento dos Consellos de Saúde de Área.
- C) A regulamentación, autorización e rexistro ou homologación dos medicamentos de uso humano e veterinario.
- D) O control sanitario da distribución e subministración de alimentos e bebidas.

2. Indique cal das seguintes NON é unha clasificación do persoal estatutario segundo o Estatuto Marco:

- A) A función desenvolvida.
- B) O nivel do título esixido para o ingreso.
- C) O réxime xurídico.
- D) O tipo do seu nomeamento.